## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras (programa Re-acciona), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG402A).*

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa xuntanza do 24 de novembro de 2025, acordou, por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras (programa Re-acciona), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e facultou a persoa titular da dirección xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras das axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras (programa Re-acciona) e convocar as devanditas axudas para os anos 2026 e 2027, en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG402A).

Segundo. A convocatoria de axudas ten unha dotación de 2.000.000 de €, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60 % do gasto elixible; compútase como cofinanciamento nacional, polo 40 % restante, o cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible das persoas beneficiarias.

En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

Obxectivo específico 1.3: reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Tipo de acción 1.3.04: programa Re-acciona (prestación de servizos avanzados de competitividade para as empresas galegas, especialmente pemes).

Tipo de intervención 024: servizos avanzados de apoio ás pemes e agrupacións de pemes (incluídos servizos de xestión, comercialización e deseño).

Os indicadores correspondentes a estas axudas son os seguintes:

a) Indicador de realización:

RCO13-Valor de servizos, produtos e procesos dixitais desenvolvidos para empresas.

b) Indicador de resultado:

RCR12-Usuarios de novos produtos, servizos e aplicacións dixitais novos e mellorados desenvolvidos por empresas.

Terceiro. Esta convocatoria tramítase de conformidade co disposto no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Decreto 11/2009), no cal se establece a tramitación anticipada de expedientes de gasto, condicionando a concesión destas axudas á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Cuarto. O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computar o sexto día hábil posterior ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ás 9.00 horas, e rematará o 30 de setembro de 2026 ás 14.00 horas, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Quinto. A distribución de servizos ofertados será a seguinte:

| Nome do servizo | Número de servizos |
|---|---|
| Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora | 32 |
| Desenvolvemento estratéxico integral da empresa | 38 |
| Análise do cumprimento normativo e os riscos legais (Compliance) | 58 |
| Captación, fidelización e xestión de talento | 13 |
| Desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG na peme | 18 |

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

| Nome do servizo | Número de servizos |
|---|---|
| Mellora da xestión financeira e procura de financiamento | 74 |
| Circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística | 46 |
| Asesoramento para o relanzamento comercial | 47 |
| Preparación de procesos certificables | 60 |
| Apoio para empresas emerxentes innovadoras | 10 |
| Deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores | 11 |
| Protección da innovación | 32 |
| Asesoramento para o financiamento da innovación | 39 |

Transcorridos catro meses desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes, avaliarase a demanda dos distintos servizos. No caso de ser necesario, poderase redistribuír a asignación dos servizos pendentes, de maneira proporcional á demanda, mediante modificación desta resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. O crédito dispoñible para concesións nesta convocatoria aboarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes:

| Partida orzamentaria | Orixe de fondos | 2026 | 2027 | Total |
|---|---|---|---|---|
| 09.A1.741.A.7700 | Feder | 900.000,00 € | 600.000,00 € | 1.500.000,00 € |
| | FCA | 300.000,00 € | 200.000,00 € | 500.000,00 € |
| | Total | 1.200.000,00 € | 800.000,00 € | 2.000.000,00 € |

A persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá ampliar os créditos, logo da declaración da súa dispoñibilidade, como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Sétimo. Prazos de duración do procedemento, de execución do proxecto e para solicitar o cobramento:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de dous (2) meses desde a data de presentación de solicitude da axuda. Transcorrido este, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.

Tanto o prazo para executar o proxecto como o prazo para presentar a xustificación de execución rematarán na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poidan exceder o 30 de setembro de 2027.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

Oitavo. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario.

Noveno. Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO

**Bases reguladoras das axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras (programa Re-acciona), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027**

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), no seu compromiso por fomentar a mellora competitiva do tecido empresarial galego, deseñou o programa Re-acciona, co obxectivo de apoiar as pequenas e medianas empresas (pemes) no desenvolvemento de solucións que incrementen a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Esta iniciativa, que forma parte das políticas estratéxicas do Igape, céntrase en ofrecer servizos avanzados de asesoramento empresarial a través da colaboración con entidades especializadas, facilitando ás empresas o acceso a ferramentas e metodoloxías innovadoras. O programa aborda áreas clave como a dixitalización de procesos, a transformación organizativa, a mellora da xestión empresarial e a sustentabilidade ambiental.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou, o 3 de febreiro de 2025, o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e da sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais e, pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos cales articula os instrumentos e actuacións que desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 2 busca equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado.

En consecuencia, a presente convocatoria enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027 e polo seu carácter transversal, responde aos tres retos e ás tres prioridades. Contribúe ao obxectivo estratéxico 2 (equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado) integrándose, polo tanto, no programa Innova e emprende da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O Igape, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúen a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da Comunidade galega. Os programas de acceso a servizos empresariais para as pemes e, en particular, o programa Re-acciona, teñen neste sentido unha importante función na achega de coñecemento externo, metodoloxías e ferramentas para promover o cambio. Neles facilítase a superación de obstáculos coma o custo dos servizos, a incerteza dos resultados obtidos ou a dificultade de seleccionar prestadores de servizos axeitados.

As empresas necesitan levar a cabo proxectos de mellora para dar resposta aos retos do mercado. A achega de coñecemento externo, xunto con metodoloxías e ferramentas de traballo, é necesaria para promover o cambio. Porén, as pemes atopan dificultades á hora de acceder a servizos profesionais especialmente adaptados ás súas necesidades: o custo dos servizos, xunto coa incerteza polos resultados e a dificultade de seleccionar prestadores de servizos adecuados, impiden en moitos casos a execución dos necesarios proxectos de mellora.

Co fin de dar acceso ás axudas á totalidade das empresas galegas, as presentes bases ampáranse no regulamento xeral *de minimis*, así como nos regulamentos específicos *de minimis* para os sectores da pesca e acuicultura e para o sector agrícola.

O Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape) ten entre as súas funcións de creación e establecemento o desenvolvemento e oferta dun catálogo propio de servizos de diagnóstico, apoio e mellora competitiva dirixidos ás pemes. A oferta destes servizos ten como obxectivo mellorar o futuro das empresas galegas mediante a adquisición de novas competencias que lles permitan gozar de vantaxes competitivas permanentes.

Á hora de deseñar o instrumento de apoio máis axeitado, optouse pola selección de entidades colaboradoras que poidan prestar un número amplo de servizos para, a continuación, ofertalos ao tecido empresarial.

O programa queda configurado deste xeito como un programa de servizos a pemes que, a través das empresas prestadoras de servizos –seleccionadas mediante o procedemento de concorrencia competitiva, de acordo coa Lei de subvencións de Galicia–, permite ás pemes executar proxectos de mellora en distintos ámbitos:

– Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora.

– Desenvolvemento estratéxico integral da empresa.

– Análise do cumprimento normativo e dos riscos legais (Compliance).

– Captación, fidelización e xestión de talento.

– Desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG.

– Mellora da xestión financeira e procura de financiamento.

– Circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística.

– Asesoramento para o relanzamento comercial.

– Preparación de procesos certificables.

– Apoio para empresas emerxentes innovadoras.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

– Deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores.

– Protección da innovación.

– Asesoramento para o financiamento da innovación.

De acordo co artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o procedemento ordinario de concesión de subvencións é o de concorrencia competitiva. Porén, o número 2 do mesmo precepto permite exceptuar este réxime cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non resulte necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

No caso destas axudas, o obxecto non é financiar proxectos de investimento singulares que deban ser avaliados e ordenados en función da súa calidade relativa, senón facilitar o acceso das pemes a servizos modulares estandarizados de asesoramento especializado, prestados por entidades colaboradoras previamente seleccionadas polo Igape mediante o procedemento de concorrencia competitiva. Cada servizo ten un contido técnico pechado e descrito nas bases reguladoras, un importe unitario e unha intensidade de axuda predeterminados, e unhas condicións obxectivas de acceso (requisitos de peme, cadro de persoal mínimo, cumprimento *de minimis*, etc.).

Nestes termos, unha vez verificado que a empresa solicitante cumpre os requisitos de admisibilidade, non existe un criterio material obxectivo que permita considerar un proxecto mellor ca outro nin establecer unha orde de prelación entre as solicitudes. Todas as pemes reciben o mesmo tipo de servizo estandarizado e a mesma porcentaxe de financiamento, non se presentan memorias técnicas comparables nin se prevén baremos de valoración que permitan graduar a axuda. A eventual implantación artificial de criterios de puntuación introduciría a discrecionalidade onde agora só hai comprobación de requisitos, sen mellorar a asignación dos recursos públicos.

A finalidade da convocatoria é que o maior número posible de pemes galegas poidan acceder, en condicións homoxéneas, a servizos de asesoramento que lles permitan mellorar a eficiencia operativa e loxística, avanzar na dixitalización de procesos e relacións cos clientes, integrar criterios ESG na xestión e reforzar a súa capacidade de xestión e atracción de talento, entre outros ámbitos.

Trátase, polo tanto, dun instrumento de difusión ampla de servizos avanzados, non dun mecanismo selectivo orientado a escoller «os mellores» proxectos senón a maximizar o im-

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

pacto agregado sobre a competitividade do tecido empresarial. Neste contexto, a comparación entre solicitudes non achegaría unha mellor eficiencia na utilización dos fondos, senón que podería restrinxir o acceso das empresas aos servizos por razóns alleas ao cumprimento dos requisitos obxectivos. Ademais, a natureza dos servizos –de asesoramento e acompañamento empresarial– exixe que a súa oferta se poida realizar de forma continua ao longo do período de vixencia da convocatoria, respondendo a necesidades que xorden en momentos diferentes do ciclo de vida das empresas. A tramitación en concorrencia competitiva obrigaría a acumular solicitudes e resolvelas en quendas pechadas, alongando os prazos de decisión e restando eficacia ás actuacións, especialmente en ámbitos como a dixitalización, a reorganización de procesos ou a mellora financeira, en que o factor tempo é determinante para o éxito das medidas adoptadas.

O réxime de concorrencia non competitiva, que resolve as solicitudes por orde de entrada e ata o esgotamento do crédito –de acordo co previsto nas bases reguladoras–, garante a igualdade de trato das pemes que cumpren os requisitos, a obxectividade e transparencia, ao basear a concesión en criterios verificables (cumprimento de requisitos e prelación temporal) e a eficiencia na execución dos fondos, ao permitir que os servizos se activen en canto se comprobe a elixibilidade da empresa.

Tendo en conta o anterior, e polo obxecto e a finalidade desta liña de axudas, considérase debidamente xustificada a aplicación do artigo 19.2 da Lei 9/2007, tramitando o procedemento en réxime de concorrencia non competitiva, sen que resulte necesaria a comparación e prelación das solicitudes nun único procedemento máis alá da orde temporal de presentación.

A estas bases reguladoras resúltalles de aplicación o principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH, polas súas siglas en inglés), establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC), isto é, que as actuacións promovidas non causen prexuízos significativos nalgún dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) núm. 2020/852.

Artigo 1. *Proxectos obxecto de apoio*

1. Estas bases teñen como obxecto aprobar as condicións polas cales se rexerá a concesión de axudas destinadas a facilitar a execución dun conxunto de servizos profesionais por parte de entidades colaboradoras previamente seleccionadas mediante a Resolución do 12 de decembro de 2023 (DOG núm. 241, do 21 de decembro).

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

2. As axudas en especie estarán destinadas á execución de servizos en empresas galegas, agrupados nas seguintes tipoloxías:

Profesionalización e desenvolvemento estratéxico:

– Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora.

– Servizos de desenvolvemento estratéxico integral da empresa.

– Servizos de análise do cumprimento normativo e dos riscos legais (Compliance).

– Servizos de captación, fidelización e xestión de talento.

– Servizos para o desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG.

– Servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento.

– Servizos de circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística.

– Servizos de asesoramento para o relanzamento comercial.

– Servizos de preparación de procesos certificables.

– Servizo de apoio para empresas emerxentes innovadoras.

Innovación:

– Servizos de deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores.

– Servizos de protección da innovación.

– Servizos de asesoramento para o financiamento da innovación.

Estes servizos están detallados no anexo III da Resolución do 12 de decembro de 2023 (DOG núm. 241, do 21 de decembro).

3. As pemes poderán solicitar axudas para a prestación dun ou varios servizos ata un máximo de dous (2) servizos por peme beneficiaria. As pemes non poderán ser beneficia-

rias dun servizo do mesmo tipo que outro do que fosen beneficiarias nesta convocatoria ou nalgunha das dúas inmediatamente anteriores, agás no caso de renuncia debidamente formalizada antes do comezo da súa execución.

Así mesmo, atendendo á necesidade de dedicación por parte da peme que implica o desenvolvemento da prestación, non se permitirá a prestación simultánea de máis dun servizo. No caso de que unha peme teña concedido máis dun servizo, os servizos desenvolveranse secuencialmente, na orde que resulte da resolución das solicitudes. Excepcionalmente, se a empresa conta cun número suficiente de persoas traballadoras e está organizada en distintos departamentos que permitan a prestación simultánea de servizos, esta poderá ser autorizada polo Igape á vista dun informe da entidade colaboradora que xustifique a excepción.

4. Os servizos adaptaranse en cada unha das prestacións á realidade da peme destinataria. Para este efecto, deberán establecerse inicialmente os parámetros de cada un deles: priorización de necesidades, alcance do traballo e ámbitos complementarios necesarios.

O Igape ten publicada na súa páxina https://igape.gal/gl/pemes-e-autonomos/reacciona a relación actualizada en todo momento das entidades colaboradoras e os servizos que presta cada unha delas, con detalle das súas condicións.

5. En cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH, polas súas siglas en inglés), establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC), todos os proxectos financiados ao amparo destas bases reguladoras non causarán prexuízos significativos nalgún dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) núm. 2020/852.

Artigo 2. *Procedemento e réxime de aplicación*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

As solicitudes resolveranse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito, do cal se dará a correspondente publicidade.

Para os efectos da determinación da prelación temporal, a data que se teña en conta será a data e hora de presentación da solicitude. No caso de presentación de achegas ou de que a solicitude requira emenda, teranse en conta a data e hora en que a persoa solicitante presente correctamente toda a documentación e a información requirida. No caso

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

de que máis dunha solicitude teña a mesma data de presentación, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no Rexistro Electrónico Xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á cal o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ou dunha transferencia de crédito, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007.

3. Estas axudas ampáranse no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023); Regulamento 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), ou nas normas que os modifiquen.

4. A convocatoria das axudas ten unha dotación de 2.000.000 de €, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60 % do gasto elixible; compútase como cofinanciamento nacional, polo 40 % restante, o cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible das persoas beneficiarias. En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3: reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Tipo de acción 1.3.04: programa Re-acciona (prestación de servizos avanzados de competitividade para as empresas galegas, especialmente pemes).

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

Tipo de intervención 024: servizos avanzados de apoio ás pemes e agrupacións de pemes (incluídos servizos de xestión, comercialización e deseño).

5. Os indicadores do programa Galicia Feder 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

a) Indicador de realización:

RCO13-Valor de servizos, produtos e procesos dixitais desenvolvidos para empresas.

b) Indicador de resultado:

RCR12-Usuarios de novos produtos, servizos e aplicacións dixitais novos e mellorados desenvolvidos por empresas.

Artigo 3. *Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas*

Estas axudas son incompatibles con outras axudas ou subvencións públicas para o mesmo proxecto.

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, de recibir a persoa beneficiaria outras axudas baixo o réxime *de minimis*, non se supera o límite de 300.000 euros nos tres anos previos ao da concesión da axuda. Para as empresas do sector da pesca e da acuicultura o límite redúcese a 40.000 euros, e para as empresas do sector agrícola o límite redúcese a 50.000 euros. O Igape comprobará que a persoa beneficiaria non supera estes límites a través da información dispoñible na.

A solicitude e/ou obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicárselle ao Igape tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder e pagar a axuda, solicitarase da persoa solicitante unha declaración sobre calquera axuda solicitada e/ou recibida para este mesmo proxecto e sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida e/ou solicitada durante os tres anos previos ao da concesión da axuda. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias as pequenas e medianas empresas (pemes), incluíndo os autónomos, comunidades de bens, asociacións, fundacións ou calquera outro

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, leven a cabo unha actividade empresarial e poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Neste último caso de entidades sen personalidade xurídica, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007.

En calquera caso, deberán ter radicado algún centro de traballo en Galicia, e cumprir a definición de peme. Para esta definición utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño de 2014), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (en diante, Regulamento (UE) núm. 651/2014).

O Igape realizará, a través das entidades colaboradoras, as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias teñen a condición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do referido Regulamento (UE) núm. 651/2014 antes de emitir un informe favorable á concesión.

2. Non poderán ter a condición de entidades beneficiarias:

a) Entidades ou empresas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada lei.

b) Entidades ou empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3. Para solicitar as axudas para a prestación dos servizos, tendo en conta as súas características, as pemes deben cumprir as seguintes condicións:

a) Para todos os servizos definidos no artigo 1, agás o Servizo de apoio para empresas emerxentes innovadoras polas características deste tipo de empresas, as solicitantes de-


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

berán contar cun cadro medio de traballadores, no ano anterior á solicitude da axuda, non inferior a 3. Esta circunstancia acreditarase, con carácter xeral, co informe do cadro medio de traballadores en situación de alta emitido pola Seguridade Social. Adicionalmente ao número indicado no devandito informe, poderán contabilizarse para determinar o número mínimo de traballadores, se é o caso, o administrador, familiares colaboradores que traballen na empresa, autónomos dependentes e socios traballadores, todos eles incluídos no réxime de traballadores autónomos. Neste caso, acreditarase a través do informe de vida laboral que acredite a vinculación da traballador coa empresa ou outros medios análogos.

b) Para o Servizo de apoio para empresas emerxentes innovadoras, entenderase como tales aquelas de recente creación (entre 0 e 7 anos), cunha base innovadora ou tecnolóxica, e cunha proposta de valor diferenciada.

As condicións relativas ao número de empregados, socios traballadores ou membros do equipo declararanse responsablemente no formulario electrónico de solicitude, que será comprobado pola entidade colaboradora con carácter previo á tramitación da solicitude, con base no informe da Seguridade Social de cadro medio anual de traballadores en alta en 31 de decembro do ano anterior.

4. Mediante a presentación da solicitude as entidades beneficiarias aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será, así mesmo, a encargada de informar puntualmente a persoa interesada sobre o estado da súa petición, os seus dereitos e obrigas, e das notificacións recibidas, de acordo co establecido no artigo 14.

5. As entidades colaboradoras do programa non poderán ser beneficiarias das axudas para o tipo servizo que prestan nin para ningún outro dos que formen parte do programa Re-acciona.

Artigo 5. *Conceptos subvencionables*

1. Serán subvencionables os gastos de prestación dos servizos enumerados no artigo 1.2, prestados polas entidades colaboradoras seleccionadas para cada servizo, realizados entre a data de solicitude e a data límite de execución establecida na resolución de convocatoria das axudas.

2. As entidades colaboradoras non poderán estar asociadas nin vinculadas coa persoa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores; enténdese que existe vinculación cando se dean as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 e no artigo 43.2 do

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014.

3. O período de execución dos gastos e investimentos subvencionados denomínase prazo de execución do proxecto e abarcará desde a data de presentación da solicitude ata o remate do prazo establecido na resolución de concesión, que non poderá superar a data para a execución dos proxectos establecida na resolución de convocatoria.

4. Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables en que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as súas modificacións posteriores.

Artigo 6. *Condicións dos proxectos e execución do servizo*

1. Os servizos serán prestados pola entidade colaboradora que elixa a persoa solicitante, de entre as seleccionadas para cada tipo de servizo. A execución axustarase ás condicións mínimas establecidas na oferta de servizo presentada no Igape para a selección da entidade colaboradora, que será publicada na páxina web do Igape e constará, polo menos, das tres fases seguintes:

a) Formación e sensibilización.

b) Análise da empresa e elaboración dun informe de situación e plan de traballo concreto.

c) Execución do plan de traballo.

2. A entidade colaboradora será, así mesmo, responsable de:

a) Avaliar, de xeito previo á solicitude, os requisitos das entidades solicitantes da axuda e da viabilidade e eficacia da execución do servizo.

b) Realizar ante o Igape os trámites para solicitar a axuda.

c) Xustificar a axuda ante o Igape.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

3. Unha vez concedida a axuda en especie, a entidade colaboradora prestadora do servizo porase en contacto coa peme destinataria del, co fin de organizar a formación inicial descritiva do servizo, que poderá ser individual ou en grupo.

4. Unha vez recibida a dita formación, e antes de comezar a execución do servizo, a entidade colaboradora emitirá a factura correspondente ao importe non subvencionable, que deberá ser aboada pola persoa beneficiaria no prazo de trinta (30) días.

5. No caso de que no devandito prazo de trinta (30) días non se producise o pagamento da factura, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda e arquivarase o expediente. Este prazo poderá ser exceptuado mediante acordo do órgano competente para a instrución do procedemento, sempre que concorran causas xustificadas.

6. A obriga de levar a cabo o servizo recae en primeira instancia na persoa beneficiaria da axuda, que deberá prestar a dedicación requirida para a execución do proxecto durante a prestación do servizo, así como facilitar o labor da entidade colaboradora poñendo á súa disposición a información requirida para completar o traballo. Todo o anterior, sen prexuízo de que a persoa beneficiaria poida demostrar a imposibilidade da execución por causas imputables á entidade colaboradora, caso en que poderá derivar na incoación do procedemento de incumprimento de condicións a esta última, que poderá rematar cunha resolución de revogación da axuda concedida á persoa beneficiaria e/ou perda da condición de entidade colaboradora. En calquera caso, o Igape estudará e resolverá calquera situación de desacordo entre as partes que se puidese producir nesta fase.

Artigo 7. *Contía da axuda*

As axudas previstas nestas bases reguladoras configúranse como axudas en especie da disposición adicional terceira da Lei 9/2007. A subvención será do 80 % dos importes definidos para cada servizo.

De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, non serán subvencionables o IVE nin outros impostos recuperables.

O importe definido para cada tipo de servizo determínase segundo o seguinte esquema, en función da duración mínima orientativa de cada servizo:

| Denominación | Importe do servizo (IVE non incluído) |
|---|---|
| Categoría 1: análise e avaliación competitiva | 3.780 € |
| Categoría 2: optimización e mellora competitiva | 5.355 € |
| Categoría 3: estratexias de competitividade avanzada | 6.300 € |

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

Categoría 1: análise e avaliación competitiva, cunha duración mínima orientativa de 60 horas.

– Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora.

– Servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento (modalidades A, B, C).

– Servizos de protección da innovación (modalidades B, C), servizos parciais.

– Servizos de asesoramento para o financiamento da innovación (modalidade B), servizo parcial.

Categoría 2: optimización e mellora competitiva, cunha duración mínima orientativa de 85 horas.

– Servizos de desenvolvemento estratéxico integral da empresa.

– Servizos de análise do cumprimento normativo e dos riscos legais (Compliance).

– Servizos de asesoramento para o relanzamento comercial.

– Servizos de deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores.

– Servizos de protección da innovación (modalidade A), servizo completo.

– Servizo de apoio para empresas emerxentes innovadoras.

– Servizos de captación, fidelización e xestión de talento.

Categoría 3: estratexias de competitividade avanzada, cunha duración mínima orientativa de 100 horas.

– Servizos de circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística.

– Servizos de preparación de procesos certificables.

– Servizos para o desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG na peme.

– Servizos de asesoramento para o financiamento da innovación (modalidade A), servizo completo.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

Artigo 8. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As entidades colaboradoras do programa Re-acciona son as encargadas de tramitar o procedemento (presentar a solicitude e presentar a documentación xustificativa da actuación) por petición da empresa solicitante.

Unha vez tomada a decisión de solicitar o servizo por parte da peme, a entidade colaboradora deberá:

a) Comprobar que a empresa solicitante cumpre cos requisitos destas bases reguladoras para poder ser beneficiaria da axuda e que a execución do proxecto é viable e conveniente para o seu desempeño.

b) Obter da empresa solicitante a solicitude de axuda segundo o modelo do anexo I (Solicitude), que inclúe o apoderamento á entidade colaboradora para a súa tramitación. Neste modelo, a empresa solicitante deberá realizar as seguintes declaracións:

– Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

– Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular a normativa en materia de subvencións, cando proceda, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade.

– Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.

– Que cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) núm. 651/2014.

O Igape, a través das entidades colaboradoras, realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as cales se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

– Que conta cun número total de empregados ou socios traballadores non inferior a 3, conforme o indicado no artigo 4.3.a) das bases reguladoras.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

– Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

– Que conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se certifique a realización do servizo.

– Que a entidade colaboradora non está asociada nin vinculada coa persoa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación cando se dean as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014.

– Que non supera os límites do réxime *de minimis* aplicable.

– Que cumpre o principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (principio *Do no significant harm*-DNSH), segundo o anexo V a estas bases.

– Declaración de non ter presentado ningunha outra solicitude de axuda para as mesmas actuacións.

– Que apodera a entidade colaboradora para tramitar no seu nome a axuda ante o Igape.

c) Cubrir na oficina virtual do Igape a solicitude de servizo. No caso de que unha mesma persoa beneficiaria solicite axuda para varios servizos, deberase cubrir unha solicitude distinta para cada un deles.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios.

2. A entidade colaboradora presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II Documento de remisión da solicitude de axuda da persoa solicitante ao Igape) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación in-

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

formática https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual, tamén accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015), se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para poder presentar a solicitude por medios electrónicos, a entidade colaboradora deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que a persoa asinante da solicitude exerza a representación legal da persoa solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade da persoa solicitante.

b) A oficina virtual do Igape acepta todos os certificados validados pola plataforma @firma da Administración xeral do Estado, que son os que figuran nesta relación: http://administracionelectronica.gob.es/PAe/aFirma-Anexo-PSC

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dunha única persoa solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dunha persoa solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todas as persoas asinantes autorizan unha delas para presentar a solicitude. Este documento deberá ser asinado electronicamente por cada unha das persoas autorizantes.

Unha vez asinado o formulario de solicitude, mediante a certificación dixital da persoa presentadora, e transferido este ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

As persoas solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da presentación na oficina virtual do Igape (https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual).

4. O Igape examinará o formulario e, de seren correctos os datos, reservará o crédito correspondente, emitindo a correspondente resolución de concesión. A partir dese momento

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

xa se pode levar a cabo o servizo. Unha vez consumido o crédito dun tipo de servizos, non será posible seguir propoñendo servizos subvencionables do mesmo tipo.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude, a través das entidades colaboradoras, a seguinte documentación:

a) Entidades non inscritas no Rexistro Mercantil: escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes e acreditación da representación con que se actúa.

b) Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica: documento onde consten expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. No documento constará unha persoa representante única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación. Non se poderá disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá ser presentada electronicamente pola entidade colaboradora.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación a través

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

da entidade colaboradora. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade solicitante.

d) NIF da entidade representante.

e) Imposto de actividades económicas (IAE).

f) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.

g) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

h) Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.

i) Consulta de axudas e subvencións *de minimis* ampliado.

j) Consulta de concesións doutras subvencións e axudas.

k) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

l) Documentación depositada no Rexistro Mercantil, segundo o artigo 9.1.a) destas bases.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

m) Consulta ao Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e achegar os documentos correspondentes, a través das entidades colaboradoras.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes a través das entidades colaboradoras.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo ao enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual

Artigo 12. *Órganos competentes*

A competencia para a instrución do procedemento de concesión da subvención das solicitudes presentadas correspóndelle á Área de Competitividade do Igape.

A persoa titular da Dirección da Área de Competitividade é o órgano competente para resolver os arquivamentos, as desistencias e as renuncias de dereitos nos expedientes obxecto de tramitación segundo estas bases e nos casos previstos na lexislación vixente, por delegación do Consello de Dirección.

A competencia para ditar a resolución que poña fin ao procedemento na vía administrativa correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape.

Artigo 13. *Instrución dos procedementos*

1. A solicitude de axuda será revisada polos servizos do órgano instrutor do Igape en función dos datos relativos ao solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda e no formulario e na documentación presentada.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude ou o formulario non reúnen algunha da documentación ou información previstas nas bases, requirirase a persoa interesada a través da entidade colaboradora para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desiste na súa petición e arquivarase o expediente, logo da correspondente resolución.

3. O Igape realizará, a través das entidades colaboradoras, as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias teñen a condición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do referido Regulamento (UE) núm. 651/2014, antes de emitir o informe favorable á concesión.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de denegación, en que se indicarán as causas desta.

5. Prescindirase do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Artigo 14. *Resolución e notificación*

1. A Área de Competitividade do Igape ditará a proposta de resolución con base neste procedemento e elevaraa á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, quen emitirá a resolución de concesión das subvencións, por delegación do Consello de Dirección do Igape.

2. A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación da persoa beneficiaria a contía da subvención indicando as obrigas que corresponden á persoa beneficiaria, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución, con indicación do método que se aplica para determinar os custos da operación, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección da operación que debe conter o Documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA).

Informarase a persoa beneficiaria sobre o carácter en especie e en réxime *de minimis* da axuda, facendo unha referencia expresa e completa ao Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

de 2023); Regulamento (CE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014); Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), ou as normas que os modifiquen ou os substitúan.

Tamén incluirá a comunicación de que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión das entidades beneficiarias na lista de operacións, que se publicará no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda, co contido previsto no número 3 do artigo 49 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC).

3. A aceptación da resolución de concesión da axuda (DECA) deberá facerse de maneira expresa a través da sinatura do documento que para tal fin o Igape porá á disposición da persoa beneficiaria na sala de sinaturas da Xunta (https://saladesinaturas.xunta.gal). O dito documento deberá ser asinado polo representante legal nun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da posta á disposición para a súa sinatura. A falta desa aceptación expresa terá como consecuencia a perda do dereito á obtención da axuda.

4. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

5. As notificacións das resolucións e actos administrativos do procedemento que non sexan obxecto de publicación practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e polas entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o establecido na resolución de convocatoria; transcorrido este, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Potestativamente, recurso previo de reposición:

– Ante a persoa titular da Dirección da Área de Competitividade no caso de recursos de reposición contra as resolucións de arquivamento.

– Ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, no caso de recursos de reposición contra as resolucións de concesión ou denegación das axudas, por delegación do Consello de Dirección do Igape.

En ambos os casos, o prazo para interpoñer o recurso será dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, observarase o establecido no artigo 35 do Decreto 11/2009. Admitiranse, dentro dos límites xerais establecidos nestas bases, modificacións relativas ao prazo de execución do servizo.

2. A persoa beneficiaria deberá comunicar ao Igape, a través da entidade colaboradora, a modificación das condicións establecidas na resolución. Para solicitar a modificación, a entidade colaboradora deberá cubrir previamente o formulario electrónico sinalado no artigo 8 das bases e presentar a instancia de modificación xerada pola aplicación dirixida á persoa titular da Dirección Xeral do Igape. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ás entidades interesadas.

Artigo 17. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Son obrigas das entidades beneficiarias:

a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da subvención, nas que poderán participar en todo momento técnicos do Igape, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.

b) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinale na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.

c) Realizar o pagamento da factura emitida pola entidade colaboradora, unha vez descontada a axuda, antes da data en que deban ser presentadas ante o Igape. O pagamento corresponderá ao importe total da factura emitida pola entidade colaboradora descontando a axuda outorgada polo Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 18 destas bases.

d) Colaborar co Igape nas actividades divulgativas do programa: xeración de casos de éxito, material promocional, participación en presentacións, reportaxes audiovisuais, visi-

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

tas demostrativas, e calquera outra similar. O compromiso máximo exixido será o dunha xornada laboral dalgunha das entidades implicadas na prestación do servizo.

e) Someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular o Igape, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou, en xeral, as verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC) que realicen o organismo intermedio, a autoridade de xestión e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control como a Oficina de Loita contra a Fraude ou a Fiscalía Europea, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco (5) anos a partir do 31 de decembro do ano en que se certifique a realización do servizo.

f) Comunicar ao Igape a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobramento da subvención.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007.

h) De non ser posible a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo de execución concedido para o proxecto.

i) Facilitar ao Igape ou ás entidades que colaboren con el a recollida de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos tras a execución do servizo, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da súa finalización.

j) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos investimentos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os investimentos financiados con fondos Feder.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

k) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e a Unión Europea, segundo o establecido no anexo IV a estas bases, durante a execución do proxecto.

l) Comprometerse a aplicar o principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH, polas súas siglas en inglés), establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC), isto é, que as actuacións promovidas non causen prexuízos significativos nalgún dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) núm. 2020/852.

m) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración da convocatoria no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Facilitar os datos do titular real dos perceptores do financiamento da Unión no caso de que, se trate de persoas xurídicas e a consulta ao Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR) non proporcione un resultado.

o) Aceptar de maneira expresa a resolución de concesión (DECA), segundo o indicado no artigo 14.3 destas bases reguladoras.

p) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007.

q) A persoa beneficiaria acepta que os datos resultantes da execución do servizo, unha vez desvinculados dos datos identificativos da súa empresa, pasarán a formar parte dunha base de datos para a súa explotación multicriterio con fins estatísticos, de deseño de políticas públicas e de difusión de situacións empresariais.

Artigo 18. *Xustificación da subvención*

1. Para o aboamento do importe correspondente á entidade colaboradora, esta, dentro do prazo establecido na resolución de convocatoria, deberá cubrir previamente o formulario electrónico de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos establecidos como obrigatorios. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

2. A entidade colaboradora deberá presentar a solicitude de cobramento mediante o formulario normalizado (anexo III) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual, tamén accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

3. Unha vez xerada a solicitude de cobramento na aplicación informática, a entidade colaboradora deberá presentala obrigatoriamente por vía electrónica.

4. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase a entidade colaboradora para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de dez (10) días hábiles. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a persoa beneficiaria das sancións que conforme a lei correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da devandita Lei 9/2007.

5. Para cada servizo incluído na relación a entidade colaboradora deberá achegar a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Entregables definidos na oferta técnica do servizo.

c) Factura xustificativa, que reflicta con claridade os seguintes datos:

i. Data de emisión.

ii. Nome ou razón social e NIF da persoa beneficiaria.

iii. Descricións do servizo prestado.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

iv. Importe neto do servizo segundo o prezo fixado, que conformará a base impoñible da factura.

v. IVE e total da base impoñible máis IVE.

vi. Axuda do programa Re-acciona do Igape, calculada de acordo co artigo 7 como o 80 % do importe fixado do servizo. Na factura deben figurar o importe da axuda, a base impoñible, o IVE e constar o seguinte literal:

«Programa Re-acciona: axuda do Igape como cesión de crédito do beneficiario á entidade colaboradora».

vii. Total que ten que pagar a persoa beneficiaria (a persoa beneficiaria ten que pagar o total, IVE incluído, menos a axuda do Igape).

viii. Non se admitirán as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen manualmente.

d) Xustificante bancario do pagamento. Só se admitirán pagamentos en que unha entidade bancaria certifique que o pagamento foi realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto, identifique claramente o concepto da transferencia, o receptor e o emisor do pagamento e a súa data efectiva. En particular, non se admitirán pagamentos en efectivo.

e) Calquera soporte dos establecidos no anexo IV das bases onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público.

6. A entidade colaboradora e, subsidiariamente, a persoa beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. A achega de copias dixitalizadas implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. A entrega ao Igape da documentación xustificativa realizaraa a empresa prestadora do servizo, en virtude da autorización da peme prestadora do servizo recollida no anexo I,

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

a través da plataforma informática de xestión que manterá o Igape coas empresas prestadoras dos servizos.

Artigo 19. *Aboamento das axudas*

O Igape aboaralle directamente á entidade colaboradora que levou a cabo os servizos os importes correspondentes ás axudas, nun prazo medio de trinta (30) días desde a presentación da relación, para expedientes sen incidencias. O aboamento farase efectivo nas contas especificadas pola entidade colaboradora no momento da súa adhesión e quedará constancia nos seus rexistros contables, de acordo co establecido no artigo 13.2.j) da Lei 9/2007.

O réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007 e no título IV do seu regulamento.

Artigo 20. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, de concorrencia das causas establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Non xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, a realización das actividades previstas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou desfrute da subvención.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular o Igape, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a Intervención Xeral

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou, en xeral, as verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC) que realicen o organismo intermedio, a autoridade de xestión e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control como a Oficina de Loita contra a Fraude ou a Fiscalía Europea, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco (5) anos a partir do 31 de decembro do ano en que se certifique a realización do servizo.

d) Non dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso.

e) A percepción doutras subvencións públicas incompatibles coa totalidade da subvención prevista nestas bases suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, do 100 % da subvención concedida.

f) Non comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

g) Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.

h) Non dar publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo IV destas bases.

4. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co Feder suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, dun 2 % da subvención concedida.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

O feito de que a entidade beneficiaria non manteña a publicidade do financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo IV destas bases, suporá o reintegro dun máximo do 3 % da subvención concedida.

5. Devolución voluntaria da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES83 2080 0388 2731 1000 0584, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente unha copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 21. *Réxime sancionador*

Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007.

Artigo 22. *Fiscalización e control*

As entidades beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular o Igape, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou, en xeral, as verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 (RDC) que realicen o organismo intermedio, a autoridade de xestión e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control como a Oficina de Loita contra a Fraude ou a Fiscalía Europea, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Interven-

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

ción Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx

Artigo 23. *Comprobación de subvencións*

1. O Igape comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes acreditativos da prestación do servizo será de cinco (5) anos a partir do 31 de decembro do ano en que o Igape certifique a realización do servizo.

2. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007 e nos artigos 57 e seguintes do seu regulamento.

Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 25. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase a seguinte normativa:

a) Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023); Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura; Regulamento (UE) núm. 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola, ou as normas que os modifiquen ou os substitúan.

CVE-DOG: wtdl2ie3-2yl5-wpd4-mue8-cibcbx7kais8

